

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2012, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se fai pública a memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do Plan parcial do sector SUD-11 Dorneda, campo de golf no concello de Oleiros (A Coruña).

En cumprimento do disposto no número 7 do artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, na que se integran o procedemento de avaliación ambiental estratéxica, establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, e o procedemento de aprobación de planeamento urbanístico, establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, faise pública a memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, do 20 de xullo de 2012, do Plan parcial do sector SUD-11 Dorneda, campo de golf no Concello de Oleiros (A Coruña). Esta memoria ambiental pódese consultar no seguinte enderezo da internet: <http://aae.medioambiente.xunta.es/>

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2012

Justo de Benito Basanta
Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental